



Estimados compañeiros e compañeiras.

Como xa saberedes por algún comunicado, estamos detectando por parte da xefatura dalgúns talleres de aceiros un boicot aos chamamentos e mobilizacións das organizacións sindicais, facendo coincidir reunións con saídas á rúa.

Algúns centros transmiten que a parte social autoriza determinadas prolongacións de xornada que non son certas. Salvo determinados coordinadores preventivos de reparacións, obras de mantemento xeral ou algunhas probas de choque, o resto de solicitudes están rexeitadas.

Nalgúns centros que transmiten acordo coa parte social non hai nin solicitudes por parte da dirección .

Se detectades algunha irregularidade ou tedes dúbidas, pedímosvos que acudades ao comité de empresa.

Por desgracia esta non é unha situación nova, se non mudan estes malos hábitos, o que van conseguir é que pechémola porta e non se aproben nin as prolongacións que son entendibles. Esperemos responsabilidade e respecto dende esta dirección.

Tamén gustaríanos aproveitar para pedir o voso apoio co persoal de LIDL. A sección sindical da CIG solicita axuda ó comité de empresa, poderedes mercar un bono de axuda solidaria para botarlles unha man tras mes e medio de folga. Por tan só 5€ podemos axudarlles a que continúe a súa loita.

Sen mais, recibide unha cordial aperta

Ferrol 15 de marzo de 2023